

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Narón para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade .

Expediente: N.9.Q/15417/22

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2023.

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No seu escrito de queixa, o reclamante, esencialmente, expón que:

Después de un tiempo sin respuesta, para que le encontraran otra mejor ubicación a los contenedores que han colocado delante de la puerta del colegio CPI DO FEAL, ocupando el aparcamiento destinado a los buses escolares, solicito su ayuda e intervención en esto, para que realmente los ubiquen en otro lugar , que hay muy cerca de allí dejando libre el aparcamiento de los buses que transportan a nuestros niños.

Xunto ao escrito de queixa o reclamante achega tamén escrito presentado no Concello de Narón, en data 12 de maio de 2022, do que manifesta que non recibiu resposta e no que, esencialmente, pon de manifesto o seguinte:

EXPONGO MI QUEJA A LA NUEVA SITUACIÓN DE LOS CONTENEDORES COLOCADOS DELANTE DEL CPI O FEAL, SACANDO APARCAMIENTO DE LOS BUSES Y RESTO DE USUARIOS A LAS ENTRADAS Y SALIDAS DEL COLEGIO.YA SE HAN HECHO QUEJAS ANTERIORES POR LOS ATASCOS Y ATRANCOS EXISTENTES A LAS ENTRADAS Y SALIDAS QUE YA SON CONOCIDOS POR EL CONCELLO Y LA SRA. ALCALDESA . REITERO QUE EXISTEN OTRAS UBICACIONES MÁS APROPIADAS , SI NO LAS ENCUENTRAN , AVÍSENME Y VOY A INDICÁRSELAS , GRACIAS.

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que nos remitiu informe elaborado polo Xefe

de Servizos Externos do Concello de Narón, no que, esencialmente, ponse de manifesto o seguinte:

ANTECEDENTES:

·É obriga das administracións locais realizar a recollida domiciliaria de Residuos Sólidos Urbáns, como así ven recollido na lexislación. Dado o volume de residuos xerados polo Colexio do Feal (importante número de alumnado) instálase na súa proximidade (para facilitar a aportación, no seu frente) unha illa de contenedores coas fraccións: papel, envases e resto; que ocupan en total 6 metros lineais de aparcamento, nun principio reservado a buses (ver imaxes adxuntas).

·A citada illa de contenedores que presta servizo ao Colexio do Feal, non obstrúe ningún acceso-saída do colexio, nin ocupan beirarrúa, e por outro lado, non resta visibilidade ao paso de peóns próximo (ver imaxes adxuntas).

·As rutas de recollida dos distintos residuos, planificadas nun conxunto, resultan na rúa que da acceso ao Colexio do Feal realízanse en dirección AC566-Rotonda do Feal; e tendo en conta que os vehículos de recollida (recollida tipo lateral) realizan a mesma só polo lado dereito, as illas de contenedores están ubicadas correctamente.

·O Colexio do Feal dispón dunha franxa de aparcamento reservado para buses escolares de dimensións 2,10 metros de ancho e 190 metros de lonxitude, na súa totalidade.

·A illa de contenedores que o reclamante considera que non se atopa ben situada, supón a ocupación de 6 ml de aparcamento dun total de 190 ml, o que arroxa unha ocupación do 3,15%.

Á VISTA DO ANTERIOR, INFORMA:

·A illa de contenedores que o reclamante considera que non se atopa ben situada, atópase nun lugar adecuado tendo en conta a seguridade do alumnado do citado centro educativo e viandantes en xeral; ou xa seña en canto a poseer unha correcta ubicación que facilite o gran aporte de residuos que supón un centro cun alto nivel de alumnado matriculado.

·Por outro lado, a ocupación de 6 metros lineais por parte da illa de contenedores, dentro dun espazo reservado unicamente para buses escolares de 190 metros lineais en total, non supón unha merma considerable do espazo de aparcamento reservado en exclusiva.

É por todo isto que o asinante considera que a ubicación da illa de conetenedores en cuestión é totalmente correcta, dentro do uso razoable e seguro do espazo público municipal.

Tendo en conta o exposto, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O-marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

SEGUNDA.- As actuacións administrativas, e polo tanto a tramitación dos expedientes, están sometidas aos principio de eficacia e celeridade (Artigo 103 da Constiución) .

O principio de eficacia esixe das Administracións públicas que se cumpran razoablemente as expectativas que a sociedade demanda, entre elas o deber de resolver expresamente as solicitudes e reclamacións, xa que o coñecemento da fundamentación das resolucións é presuposto inescusable para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

TERCEIRA.- Así, unha das obrigas que derivan do dereito da cidadanía a unha boa administración concrétase na obriga de dar resposta ás solicitudes formuladas polos administrados, sen prexuízo do contido material e fundamentación xurídica que puidera ter esa contestación formal. Esa obriga das Administracións públicas a dar resposta expresa a cantas solicitudes presenten os administrados recóllese no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

CUARTA.- Neste caso concreto, se ben o informe elaborado polo Xefe de Servizos Externos do Concello de Narón alude a cuestións plantexadas polo reclamante, o concello non nos

informa que esa información foi trasladada tamén, ao reclamante , polo que non podemos entender cumprida a obriga da entidade de responder ao reclamante e notificarlle dita resposta xa que non contén ningunha alusión a unha resposta formal ao mesmo, non aportando copia desa contestación nin xustifica de modo algún que non se ditara dita resposta.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Narón o seguinte :

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)